

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 41.4 e 79 e 80.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **EXTRAORDINARIA E URXENTE** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **día 01 de FEBREIRO/2018 ás 10 HORAS, 15 MINUTOS** en primeira convocatoria, para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Ratificación da urxencia da sesión.

2º.- Aprobación de ditame da comisión informativa sobre proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito número 1/2018; no que se inclúen facturas deixadas sen tramitar no expte. de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 5/2017.

3º.- Aprobación de correccións na documentación do Plan de Obras e Servizos POS 2018; a instancia da Deputación Provincial.

A.- Proxecto de mellora da iluminación pública na entrada a Valdoviño pola calzada AC-566 (Plan complementario 2018)

B.- Proxecto básico e de execución de campo de fútbol de hierba artificial en campo de fútbol municipal de Mourente.- (Préstamo provincial 2018).

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

En Valdoviño a 31 de xaneiro de 2018
O alcalde,

Alberto González Fernández

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE